

OCUPACIÓN HOTELEIRA en GALICIA

Destinos urbanos – Ano 2019

galicia




DEMANDA HOTELEIRA

DEMANDA HOTELEIRA E OCUPACIÓN. Destinos urbanos – Ano 2019

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
VIAXEIROS ALOXADOS	457.529	55.876	793.047	161.376	147.502	126.200	427.877
Var. Int. Viaxeiros	1,9%	-0,8%	7,2%	4,0%	11,8%	1,8%	3,0%
NOITES	996.298	123.857	1.466.282	298.104	242.352	263.377	947.521
Var. Int. Noites	5,0%	6,4%	7,9%	3,7%	11,0%	13,6%	14,2%
ESTADÍA MEDIA	2,18	2,22	1,85	1,85	1,64	2,09	2,21
Var. Int. Estadía Media	3,1%	7,3%	0,7%	-0,4%	-0,7%	11,6%	10,9%
% OCUPACIÓN	52,67%	38,77%	53,29%	49,76%	51,41%	54,81%	54,90%
Var. Int. Ocupación	1,54	-0,21	3,36	1,12	4,48	3,49	5,64

Viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros – Ano 2019




Santiago de Compostela é unha vez máis o principal destino urbano de Galicia. En termos de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros lidera o ranking a nivel da comunidade autónoma con pouco máis de 793 mil neste ano 2019.

A Coruña e Vigo sitúanse nun segundo grupo, con preto de 458 mil a primeira e de 428 mil a segunda, mentres que as restantes cidades colócanse nun terceiro grupo e a distancia das anteriores.

Lugo, Ourense e Pontevedra rexistran niveis por encima dos 100 mil viaxeiros quedando Ferrol como o destino urbano de menor volume e peso, con preto de 56 mil viaxeiros neste ano.

A cifra total de viaxeiros aloxados nas sete cidades de Galicia supón o 49% do total dos viaxeiros da comunidade neste ano 2018.

Noites nos establecementos hoteleiros – Ano 2019




En termos de pernoctacións hoteleiras acontece algo similar se ben as diferenzas estréitanse entre os principais destinos urbanos. Santiago lidera o ranking con preto de 1,47 millóns de noites, por diante das restantes cidades entre as que destacan, nun segundo grupo, A Coruña –con 996 mil noites- e Vigo –con preto de 948 mil neste caso-.

A distancia destas tres cidades sitúanse as catro restantes con 298 mil noites en Lugo, máis de 263 mil en Pontevedra, máis de 242 mil en Ourense e preto de 124 mil en Ferrol.

En global, o turismo urbano –medido polo número de noites rexistradas nas cidades de Galicia- supón o 48% do total da demanda hoteleira da comunidade neste ano 2019.

Variación da demanda nos establecementos hoteleiros. 2019/18




En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo da demanda nos destinos urbanos de Galicia neste ano 2019, con incrementos de diversa intensidade que supera o 10% interanual naquelas cidades localizadas no sur da comunidade. Vigo é neste caso o destino urbano de mellor comportamento relativo cun crecemento global da demanda do 14,2%. En Pontevedra rexístrase tamén un incremento importante, do 13,6% neste caso. No lado contrario o incremento máis suave localízase en Lugo, cunha suba do 3,7% interanual.

No principal destino urbano de Galicia, a cidade de Santiago de Compostela, o crecemento sitúase no 7,9% en relación ao pasado ano.

A mellora dos niveis de demanda vén provocado nuns casos por crecementos parellos da cifra de viaxeiros aloxados –caso de Santiago, Lugo e Ourense- e noutros por melloras máis intensas e notables da estadía media –Ferrol, Pontevedra e Vigo- e mesmo pola combinación de ambos factores –caso de A Coruña-.


Distribución da demanda hoteleira por temporadas. Ano 2019



A distribución da demanda hoteleira ao longo do ano nos destinos urbanos de Galicia presenta un perfil diferente ao observado noutros destinos de Galicia e mesmo no conxunto da comunidade. En xeral, entorno a cuarta parte do número de noites concéntrase no verán –meses de xullo e agosto- marcando un pouco a excepción Ferrol –onde o peso sobe ao 31,5%- e Lugo e Ourense –destinos nos que a temporada alta absorbe entorno ao 22% do total-. A media do conxunto de Galicia sitúase no 31% neste ano 2019.

O reparto da porcentaxe restante no resto do ano, distinguindo entre a temporada media e baixa, é relativamente equitativo con pequenas diferenzas. En xeral é maior o volume de demanda na temporada baixa –así acontece en A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo- mais en dous destinos acontece o contrario –Santiago e Pontevedra, cidades nas que o volume de noites na temporada media igual ou supera o 40% do total anual-.


Variación da demanda hoteleira por temporadas. 2019/18



En termos dinámicos, tendo en conta a variación da demanda en cada cidade segundo a temporada, obsérvase:

- Un incremento xeneralizado nas tres grandes temporadas anuais, de diversa intensidade, en todos os destinos urbanos de Galicia
- Dúas excepcións á dinámica positiva anterior: cae a demanda na temporada alta en Santiago e na temporada baixa en Lugo
- En catro destinos o crecemento da demanda é máis notorio e intenso no verán sobre o resto do ano. Son Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra, xustamente aqueles de menor volume e peso na nosa comunidade.
- En A Coruña e Santiago o crecemento de maior intensidade prodúcese na temporada media –na primeira é tamén importante no verán- mentres que en Vigo a suba máis destacada concéntrase na temporada baixa –cun 22% interanual, a taxa máis alta de todos os destinos urbanos-.

Peso do mercado nacional e internacional, en noites. Ano 2019




En todas as cidades de Galicia predomina claramente o turismo nacional fronte ao internacional, en porcentaxes variables.

Santiago de Compostela é, en todo caso, o destino urbano que marca a diferenza e onde o mercado estranxeiro acada un maior peso representando neste ano 2019 o 43,3% do total da demanda.

En Pontevedra o mercado internacional acada tamén un peso importante, do contorno do 30%.

Lugo e Ourense, en cambio, presentan un perfil diferente cun peso moi claro do mercado nacional –supón 85-86% do total da demanda- e, en consecuencia, un peso menor do turismo internacional -representa entorno ao 15% do total das pernoctacións hoteleiras-.


Variación da demanda nacional e internacional. Ano 2019/18



En relación co comportamento dos dous mercados turísticos nos destinos urbanos de Galicia obsérvase que:

- O turismo nacional sobe e mellora en todas as cidades, con intensidade variable. As subas máis destacadas localízanse en Vigo onde o mercado nacional supera nun 22% as cifras do pasado ano. En Ourense e Pontevedra supérase o 10% interanual mentres que, no lado contrario, Lugo marca o crecemento máis suave, menos perceptible –inferior ao 1% interanual-.
- O mercado internacional presenta, en cambio, un comportamento máis dispar con crecements xeneralizados agás en Ourense –onde cae un 1,7%- e en Vigo –cun descenso neste caso do 3,6%-.
- O turismo internacional sobe de forma importante en Lugo e Pontevedra, destinos onde superan o 20% interanual.
- En A Coruña, Ferrol e Santiago ambos mercados presentan un comportamento positivo, con crecements relativamente importantes e con menos diferenzas de intensidade.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. Ano 2019




A estadía media nos establecementos hoteleiros varía levemente dunha cidade a outra. Rexístranse os valores máis elevados en Ferrol e Vigo, onde se superan moi levemente as 2,2 noites. Presenta tamén unha cifra importante a cidade de A Coruña con case 2,2 noites neste caso. Son estes tres os destinos coas cifras máis altas e parellas neste 2019

Por encima das dúas noites de medias sitúase tamén Pontevedra –que rexistra en concreto case 2,1 noites neste ano–.

Os restantes tres destinos presentan cifras inferiores ás dúas noites, sendo de 1,85 en Santiago e Lugo e de algo máis de 1,6 noites en Ourense.


Variación da estadía media nos establecementos hoteleiros. 2019/18



En termos dinámicos a estadía media incrementábase en catro dos sete destinos urbanos de Galicia, con subas notables en Pontevedra e Vigo –do 11,6% na primeira e do 10,9% na segunda-, importante en Ferrol –do 7,3%- e máis moderada en A Coruña –do 3,1% neste caso-.

Nas restantes tres cidades as variacións son moi pouco significativas e mesmo se pode falar de estabilidade en termos globais. Así acontece en Santiago, Lugo e Ourense –destinos nos que, por tanto, a variación do volume de noites vén moi determinado pola evolución da cifra de viaxeiros aloxados-.

Estadía media de ESPAÑOIS e ESTRANXEIROS. Ano 2019




A estadía media do viaxeiro español e estranxeiro cambia dunha cidade a outra. Neste sentido, por exemplo, en A Coruña, Lugo e Ourense os valores son moi semellantes ou equivalentes entre ambos segmentos mentres que nas restantes catro cidades as cifras varían dun mercado a outro –sendo superior o estranxeiro en Ferrol e, pola contra, con valores máis elevados do nacional en Santiago, Pontevedra e Vigo–.

O valor máis elevado corresponde ao mercado estranxeiro na cidade de Ferrol, que rexistra unha media próxima a 2,9 noites. Destaca sobre o resto de segmentos e cidades entre os que acadan tamén cifras importantes o turismo nacional en Pontevedra e Vigo, con 2,3 noites.

O valor máis baixo queda da man do viaxeiro de Ourense, sen distinción da procedencia pois ambos segmentos rexistran unha media de 1,64 noites. As diferenzas entre mercados son maiores en Ferrol –cun “gap” de oito décimas– e Pontevedra –con case sete décimas de diferenza neste caso–.


% Ocupación por prazas e variación interanual. Ano 2019



En termos de ocupación son Pontevedra e Vigo os destinos que mellores cifras presentan neste ano, cun promedio do 54,8% a primeira e do 54,9% a segunda. Con valores moi próximos, superiores ao 50%, sitúanse tamén Santiago –que rexistra un 53,3%-, A Coruña –cun 52,7%- e Ourense –cun 51,4% neste caso-. En Lugo a porcentaxe sitúase no 49,8% mentres que neste ano Ferrol marca a cifra máis baixa, cun 38,8% de ocupación media. Así pois, en termos xerais os niveis de ocupación son relativamente semellantes entre as distintas cidades situándose na maioría delas no intervalo do 50-55%, coa excepción de Ferrol.

Xustamente é Ferrol o destino no que se rexistra un leve descenso da ocupación –case imperceptible, de 0,2 puntos- en contraste cos incrementos rexistrados nas restantes seis cidades máis notorio en Vigo –cun incremento próximo aos seis puntos porcentuais- e menos acusado en A Coruña e Lugo –con subas por encima do punto porcentual-.

Variación da demanda –noites- e oferta –prazas-. 2019/18




En todos os destinos urbanos de Galicia rexístrase un incremento da oferta dispoñible en relación ao pasado ano 2018, isto é, do volume de prazas ofertadas.

A mellora global dos niveis de ocupación vén como consecuencia dun mellor comportamento relativo da demanda en relación á oferta. En particular, en todos os destinos urbanos o crecemento do volume de noites supera en intensidade ao incremento das prazas dispoñible, con diferenzas máis notables en Vigo e Ourense –de aí que nestes destinos mellore de forma máis notoria a porcentaxe de ocupación-.

No caso de Ferrol as diferenzas de crecemento de ambas variables son moi pequenas e, con pequenos axustes, deriva practicamente nunha estabilidade do nivel de ocupación.

Análise en destinos urbanos A CORUÑA

Evolución da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. Período 2011-19




O incremento da demanda hoteleira na cidade de A Coruña neste ano 2019 da continuidade á tendencia positiva que se vén observando desde o 2011. Son, en definitiva, oito anos consecutivos de crecemento do número de noites hoteleiras na cidade herculina, a taxas variables e crecentes ata 2015 e decrecentes ata o 2018 –xustamente nese ano a variación semella máis un estancamento-. Esta dinámica leva a que agora en 2019 se rexistre un máximo histórico de demanda con pouco máis de 966 mil noites.

Son algo máis de 47 mil noites en comparación co 2018 e 286 mil de diferenza respecto da cifra de 2011. O comportamento nesta década é, por tanto, moi positivo.

En termos de viaxeiros aloxados a tendencia é diferente, cun comportamento máis irregular nestes últimos anos.

Noites hoteleiras na cidade de A Coruña. Ano 2019, por meses




Algo máis da cuarta parte da demanda hoteleira da cidade de A Coruña –un 26,2% en concreto– concéntrase no período estival, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con máis de 141 mil noites. O 35,3% visita A Coruña na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro– mentres que o 38,5% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril–.

Esta distribución temporal, que presenta un comportamento relativamente estacional, dista do observado no conxunto de Galicia onde o peso da temporada alta chega ao 31% e o da temporada media ao 38,5% do total anual. Na temporada baixa concéntrase tamén preto do 31%.

En A Coruña a distribución temporal presenta menos diferenza entre as temporadas alta e baixa, cun reparto máis equilibrado ao longo do ano.


Variación das noites hoteleiras en A Coruña. 2019/18 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2019 presenta unha dinámica claramente positiva, con incrementos xeneralizados en todos os meses do ano agás no tramo final, en novembro e decembro –cando se producen caídas do 9,7% e 2,4% respectivamente-.

Os crecementos máis notables en termos relativos prodúcense en maio –cando se rexistra unha suba do 18,6%- e, a certa distancia, en xaneiro e setembro –con incrementos próximos ao 10% interanual-. En marzo, en cambio, rexístrase a taxa máis baixa –do 0,5% neste caso, que fala máis ben de certa estabilidade que neste caso é moi positiva pois prodúcese nun mes que ten un nesgo negativo pola celebración da Semana Santa en abril-. En 2018 acontecera en marzo.

Variación noites hoteleiras, por temporadas




Evolución demanda por temporadas. 2012-19




En termos globais obsérvase, por tanto, un comportamento positivo da demanda nas tres grandes temporadas do ano, con incrementos máis destacados no verán –cando o volume de noites sobe un 6,9%- e na temporada media –do 8,4% neste caso-. Na temporada baixa a suba é moderada, de apenas o 1% interanual, como consecuencia de contrapoñer dinámicas positivas –no primeiro cuadrimestre- e negativas –no último bimestres do ano-.

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que fóra do verán o crecemento da demanda hoteleira en A Coruña é sostido desde o ano 2012, isto é, son sete anos consecutivos de bo comportamento nas temporadas media e baixa. A dinámica da demanda na temporada alta é máis irregular neste período de oito anos –con caídas puntuais en 2014 e 2018-. Con todo, a cidade acada neste 2019 as cifras máis altas de cando menos esta década.

Reparto da demanda hoteleira por mercados




Variación mercados turísticos. 2019/18



O 78% da demanda hoteleira na cidade de A Coruña é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 21% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 57%-. É este último, por tanto, o segmento de maior peso e importancia na cidade. O 22% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional. En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Dunha banda descende o turismo interno –un 3,9% como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros residentes- e incrementábase, doutro lado, o turismo receptor, isto é, o que vén de fóra da nosa comunidade: sobe un 6,8% aquel de ámbito nacional –grazas a un crecemento paralelo da cifra de viaxeiros españois- e un 10,0% o internacional –segmento de maior dinamismo que sobe como consecuencia dun incremento paralelo da cifra de viaxeiros estranxeiros-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en A Coruña. Período 2011-19



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase nun 3,7% neste ano 2019. Esta suba contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á serie de crecementos consecutivos dos seis anos anteriores, isto é, de 2012 a 2017 –a taxa variables e crecentes ata 2016-. Esta tendencia sitúa o nivel final deste 2019 en 779 mil noites –dato que supón un máximo na serie histórica, isto é, nunca antes o turismo nacional conseguira acadar ese nivel de demanda en A Coruña-.

No caso do turismo internacional o incremento deste ano engádese ao dos dous anteriores e tamén ao rexistrado no trienio 2013-15. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de crecemento na cidade herculina que permiten superar por vez primeira a barreira das 200 mil noites nun ano –rexistra algo máis de 217 mil, máximo da serie histórica-.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. A Coruña, 2011-19




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de A Coruña sitúase preto de 2,2 noites neste 2019, cifra que supera nun 3,1% o dato do pasado ano.


A evolución nos últimos anos presenta un comportamento algo irregular, con períodos de crecemento –en 2012, 2014 e agora nos últimos tres anos, de 2017 a 2019 - e de caídas –en 2013, 2015 e 2016- que levaron dun máximo de 2,24 noites en 2014 a un mínimo de 1,92 noites en 2016.

O incremento deste ano permite situar a estadía media preto das 2,2 noites por vez primeira nos últimos cinco anos.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro estranxeiro é o que fica de media máis tempo na cidade -en 2019 a estadía media do viaxeiro estranxeiro sitúase levemente por encima de 2,2 noites-. Sitúase xustamente nas dúas noites a estadía media do viaxeiro español procedente de fóra de Galicia quedando o viaxeiro residente coa cifra máis baixa -con pouco máis de 2,1 noites neste caso-.

A estadía media dos dous mercados nacionais mellora neste 2019 en porcentaxes que acadan o 11% no caso do turismo interno. Para o estranxeiro a estadía media cae levemente, un 1,3% neste caso.

A duración da viaxe é maior no verán fronte aos restantes meses do ano. A estadía media na temporada alta sitúase preto de 2,5 noites, cifra que baixa a pouco máis de 2,1 noites na temporada media e a algo máis de dúas noites na baixa. Apréciase, por tanto, un perfil diferente no período estival fronte ao resto do ano aínda que as distancias non son moi elevadas.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. A Coruña, 2011-19




A dinámica dos niveis de ocupación vai parella en grande medida ao comportamento da demanda nestes últimos anos. Logo das caídas rexistradas no período 2008-12 –consecuencia principalmente dos efectos negativos da crise- o nivel de ocupación hoteleira en A Coruña comeza en 2013 unha senda de recuperación e crecemento, de forma continua e intensidade variable, que leva a acadar agora en 2019 un máximo da serie histórica co 52,7% de media. Supera en case quince puntos a porcentaxe rexistrada en 2012, último ano de caída.

Por segunda vez na serie histórica supérase o 50% de ocupación media nos establecementos hoteleiros da cidade herculina nun ano completo.

Análise en destinos urbanos

FERROL

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Ferrol. Período 2015-19




O incremento da demanda hoteleira na cidade de Ferrol neste ano 2019 –do 6,4%- enlaza coa suba rexistrada no anterior 2018 –do 8,2%- e permite recuperar parte dos niveis perdidos nos dous anos anteriores, en 2016 e 2017, período no que o volume de noites descendeu un 4,2% e 5,8%, respectivamente.

Con isto o volume final sitúase preto das 124 mil noites, a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos.

Esta mellora vén como consecuencia dun incremento da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados descende levemente, menos do 1%.

Ferrol é a cidade que menor volume e peso ten no conxunto dos destinos urbanos de Galicia.


Noites hoteleiras na cidade de Ferrol. Ano 2019, por meses



O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano amosa un perfil relativamente estacional, cos niveis máis baixos nos meses de temporada baixa –en xaneiro e febreiro concretamente- e máis elevados en agosto –mes que concentra o 16,6% do total anual-. Aínda así, en comparación con outros destinos de Galicia o reparto é máis equilibrado ao longo do ano, o perfil non é tan marcadamente estacional –sendo o máis estacional das cidades galegas-.

En termos globais preto do 32% das noites hoteleiras concéntranse no verán –meses de xullo e agosto-, quedando o 68% restante repartido entre a temporada media –o 33%- e a baixa –o 35% restante-. Este último período abrangue de novembro a abril co que inclúe a Semana Santa, evento importante na cidade que atrae un volume notable de visitantes, superior incluso a meses como maio.


Variación das noites hoteleiras en Ferrol. 2019/18 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2019 presenta dous perfiles ben diferenciados. Un primeiro que abrangue a primeira parte do ano, de xaneiro a maio, no que o volume de noites dos hoteis e pensións da cidade cae de forma constante –suavemente nos primeiros dous meses e de forma máis notable en marzo e maio-, e un segundo que vai de xuño ata decembro no que a demanda se incrementa de forma constante –con maior intensidade xustamente na parte final do ano-.

En agosto, mes de maior afluencia turística á cidade, o incremento da demanda sitúase no 13,3%.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2015-19




En síntese, tal como se deriva da análise anterior, rexístrase neste 2019 un crecemento global da demanda nas tres grandes temporadas turísticas aínda que con diferenzas de intensidade. No período estival concéntrase o maior incremento en termos relativos cun 15,7%. Na temporada media o crecemento é moi suave, pouco perceptible –de apenas o 1%– mentres que na temporada baixa a suba é do 4,4% neste caso.


Este comportamento leva a un cambio na distribución temporal da demanda, incrementándose o peso do verán sobre o resto do ano –en case tres puntos porcentuais– o que leva a certo crecemento da estacionalidade.

A dinámica dos últimos anos é moi variable, sobre todo en 2017 respecto de anos anteriores e posteriores. En calquera caso o comportamento turístico deste 2019 eleva o nivel de demanda do verán ao máis elevado de cando menos os últimos cinco anos, e os da temporada media e baixa aos máis altos desde o 2016.

Reparto da demanda hoteleira por mercados




Variación mercados turísticos. 2019/18



O 75% da demanda hoteleira na cidade de Ferrol é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-. Neste caso non se dispón de desagregación de datos para o mercado interno. O 25% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. En 2019 rexístrase un incremento tanto do turismo nacional –do 5,2%, como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois cae un 2,4%- coma do internacional –do 10,8% neste caso, grazas á combinación positiva de dous factores: crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros e mellora da estadía media-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Ferrol. Período 2015-19



O bo comportamento dos dous grandes segmentos de mercado neste 2019 da continuidade aos incrementos observados no anterior 2018. Son, por tanto, dous anos consecutivos de subas que contrastan agora coas caídas rexistradas en 2016 e 2017. Ambos segmentos presentan, por tanto, un comportamento similar, e ambos tamén acadan agora en 2019 os niveis de demanda máis elevados de cando menos os últimos cinco anos.

O turismo nacional supera as 93 mil noites –con preto de 1.700 novas pernoctacións en comparación co pasado ano– mentres que o mercado internacional supera por vez primeira desde o 2015 as 30 mil noites –tres mil por encima da cifra rexistrada en 2018–.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. Ferrol, 2015-19




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Ferrol sitúase levemente por encima de 2,2 noites neste 2019, cifra que supera nun 7,3% o dato do pasado ano.


Sobe a estadía media por segundo ano consecutivo –acontecera o mesmo en 2018 cando se incrementara nun 7,8%- logo de presentar caídas en 2016 e 2017. Con esta dinámica o nivel acadado neste 2019 sitúase como o máis elevado dos últimos cinco anos.

Ferrol rexistra, xunto con Vigo, a cifra de estadía media máis elevada dos destinos urbanos de Galicia.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




A estadía media varía de forma importante entre os dous grandes mercados. O viaxeiro español fica de media preto de 2,1 noites mentres que o viaxeiro estranxeiro rexistra case 2,9 noites, cifra importante que fala de dous perfís moi diferentes. Ambas obviamente están referidas ás estadías nos establecementos hoteleiros.

En termos dinámicos obsérvase un incremento da estadía media tanto do viaxeiro español –do 7,7%– coma do estranxeiro –do 3,9% neste caso–.

En función da temporada as diferenzas entre os valores da estadía media son menos acusadas. Nos tres períodos sitúase por encima das dúas noites de media, acadando o valor máis alto no verán –con preto de 2,5 noites en particular–. En temporada baixa achégase a 2,1 noites.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Ferrol, 2015-19




O incremento dos niveis de demanda na cidade de Ferrol prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas por termo medio subiu un 4,5% en comparación co 2018-. Ambos factores inflúen de maneira oposta nos niveis de ocupación, e a súa evolución parella provoca que estes se manteñan relativamente estables –nun sentido estrito a cifra de ocupación por prazas descende en 0,2 puntos porcentuais para situarse no 38,8% de media neste ano-.

Estabilízase o nivel de ocupación logo de rexistrar unha suba importante no pasado ano 2018 –de case cinco puntos porcentuais, que permitiron pasar dun período con certa estabilidade e niveis de ocupación levemente por encima do 34% anual a achegarse ao 39% de media-.

Análise en destinos urbanos SANTIAGO DE COMPOSTELA

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Compostela. Período 2012-19




En termos dinámicos, o incremento da demanda hoteleira na cidade de Santiago neste 2019 –do 7,9%– contrasta coa caída rexistrada no pasado ano mais da continuidade á serie de crecementos consecutivos dos cinco anteriores, de 2013 a 2017. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de comportamento positivo que elevan a cifra final de 2019 a preto de 1,47 millóns de noites.

En sentido estrito a cidade de Compostela acada neste ano a cifra de demanda hoteleira máis elevada da serie histórica.

En termos absolutos o crecemento deste ano supón a xeración de 108 mil novas pernoctacións en comparación co 2018. Comparando co 2012, último ano de caídas consecutivas provocadas pola crise de finais da década anterior, Santiago consegue aportar 400 mil novas pernoctacións ao segmento hoteleiro da cidade.

Noites hoteleiras na cidade de Compostela. Ano 2019, por meses




Preto da cuarta parte da demanda hoteleira da cidade de Santiago –un 23,8% en particular- concéntrase no período estival, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con preto de 189 mil noites –o 12,9% do total anual-. O 43,1% visita Santiago na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que o 33,1% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril-.

Esta distribución temporal, que presenta un comportamento relativamente estacional, dista do observado no conxunto de Galicia onde o peso da temporada alta chega ao 31% e o da temporada media ao 39% do total anual.

En Santiago a distribución temporal presenta menos diferenza entre as temporadas alta e baixa, cun reparto máis equilibrado ao longo do ano e sobre todo cun notable peso da temporada media –os niveis de setembro superan, por exemplo, aos de xullo, e os de maio e outubro son moi parellos-.

Variación das noites hoteleiras en Compostela. 2019/18 por meses




No curto prazo o comportamento da demanda hoteleira na cidade de Santiago neste 2019 é relativamente homoxéneo, con incrementos xeneralizados agás en dous meses concretos: en agosto –xustamente o período de maior afluencia turística, cando se rexistra unha caída do 2,4%- e en novembro –mes no que se estabilizan as cifras de noites hoteleiras en comparación co pasado 2018-.

En termos relativos os incrementos de maior intensidade prodúcense nos meses de abril e maio, por unha banda, e logo en outubro e decembro. En todos eles os crecementos superan o 14% interanual.


En xullo prodúcese a suba menos intensa, tanto que case se fala de estabilidade en termos globais.

Tamén en abril e maio se rexistran os maiores crecementos en termos absolutos, xerando 20 mil novas pernoctacións en cada un deles.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-19




En síntese, por tanto, o bo comportamento da demanda hoteleira neste ano 2019 vén como consecuencia dos crecementos rexistrados nas temporadas media –período no que o volume de noites incrementáse nun 11,8%- e baixa –cunha suba global do 10,2%- . Contráponse a isto o descenso que se rexistra na temporada alta, suave pero importante polo que supón de contraste coa dinámica anterior –do 1,1% neste caso- e porque atinxe a un período de notable afluencia turística.


É o terceiro ano consecutivo no que cae a demanda na temporada alta acadando neste ano preto de 349 mil noites, a cifra máis baixa desde o 2015 e equivalente á dese ano. Na temporada media o nivel fica preto de 632 mil noites –o incremento deste ano contrasta co descenso rexistrado no pasado 2018 mais segue a tendencia positiva de anos anteriores-.

En temporada baixa son xa cinco anos consecutivos de crecemento da demanda colocando o dato deste 2019 no máis elevado da década.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2019/18




O 57% da demanda hoteleira na cidade de Santiago é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 12% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 45%-. O 43% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

Neste sentido Santiago presenta un perfil da demanda diferente aos restantes destinos urbanos de Galicia, cun peso moi baixo do mercado interno e, en paralelo, un peso notable do turismo internacional –que practicamente iguala ao receptor nacional-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste 2019 increméntase todos eles con intensidade variable, máis notoria no caso do mercado interno –que se incrementa nun 18,3%- e menos intensa ou acusada no caso do mercado receptor –neste caso sobe un 7,9% o receptor nacional, que procede do resto do Estado, e un 5,5% o internacional-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Compostela. Período 2011-19



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase nun 9,9% neste ano 2019 como consecuencia do bo comportamento tanto do mercado interno coma do receptor. É o sétimo ano consecutivo no que acontece tal circunstancia en Compostela, isto é, desde 2012 o turismo nacional increméntase de forma continuada ata acadar, agora en 2019, máis de 831 mil noites –a cifra máis elevada da década-. Esta tendencia conseguiu recuperar en boa medida o volume perdido nos anos centrais da crise aínda que fica lonxe do nivel acadado no último Xacobeo 2010.

O incremento do mercado internacional contrasta en cambio coa caída rexistrada no pasado ano, do 15,1%- mais da continuidade á tendencia positiva dos seis anteriores. Con esta suba recupérase parte da demanda perdida en 2018 e deixa o nivel final en 635 mil noites –cifra obviamente superior á do pasado ano mais inferior ás de 2016 e 2017-.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Compostela, 2011-19




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Santiago sitúase en 1,85 noites neste 2019, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. Acontece isto logo de presentar leves crecementos nos dous anos anteriores con posterioridade a un período de longas caídas desde inicio da década.

Desta maneira o valor da estadía media en Compostela varía de forma importante nesta década, pasando de 2,1 noites en 2011 a menos de 1,7 noites en 2016 –o valor mínimo- e ficando agora nestes dous últimos anos por encima de 1,8 noites.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media máis tempo na cidade -en 2019 a estadía sitúase preto de 2,2 noites-. Os dous segmentos restantes rexistran valores por debaixo das dúas noites, con preto de 1,9 noites o viaxeiro español de fóra de Galicia e con case 1,8 noites o estranxeiro.

A estadía media varía de forma dispar neste 2019, incrementándose a do viaxeiro residente –nun 6,4%– e manténdose estable a do receptor.

En función da temporada a estadía media varía levemente, situándose en 1,85 noites na temporada alta, en 1,8 noites na temporada media e en algo máis de 1,9 noites na temporada baixa –período que rexistra o valor máis alto do ano-.

As diferenzas non son, en todo caso, moi notables como acontece noutros destinos da comunidade.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Compostela, 2011-19




A dinámica dos niveis de ocupación vai parella en grande medida ao comportamento da demanda nestes últimos anos. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –consecuencia principalmente do efecto pos-xacobeo nun contexto de crise- o nivel de ocupación hoteleira en Santiago comeza en 2013 unha senda de recuperación e crecemento, de forma continua e intensidade variable, ata o 2017 e que levou a rexistrar nese ano un 52,8% de ocupación media no sector. Descende puntualmente en 2018 como paso previo ao incremento rexistrado agora en 2019 –de máis de tres puntos porcentuais- para situarse no 53,3% de media –cifra que supón un máximo na serie histórica-.

Esta tendencia positiva permite que a cidade de Santiago consiga recuperar e superar os niveis de ocupación perdidos nos anos centrais da crise. Con isto supera, por exemplo, en máis de catorce puntos o dato de 2012 –cando ficaba por debaixo do 39% de media-.

Análise en destinos urbanos

LUGO


Evolución da demanda hoteleira na cidade de Lugo. Período 2012-19



En Lugo incrementase a demanda hoteleira por cuarto ano consecutivo, con subas de diversa intensidade que van do 23,0% en 2016 a apenas o 1% no pasado ano 2018. Esta dinámica permitiu recuperar e mesmo superar as caídas rexistradas en 2014 e 2015 –suaves e de menor intensidade- e sitúa o volume de demanda na cidade amurallada levemente por encima das 298 mil noites neste 2019 –a cifra máis elevada de cando menos esta década-.

En termos absolutos a diferenza supón a xeración de máis de 10 mil novas pernoctacións en comparación co dato do pasado ano. A comparativa con 2012 ofrece entorno a 95 mil novas pernoctacións no segmento hoteleiro da cidade.


Noites hoteleiras na cidade de Lugo. Ano 2019, por meses



Algo máis da quinta parte da demanda hoteleira da cidade de Lugo –o 22,7% en concreto- concéntrase no período estival, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con 39 mil noites –o 13,1% do total anual-. O 37,9% visita Lugo na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que o 39,4% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril-.

Esta distribución temporal presenta un comportamento diferente ao observado no conxunto de Galicia e mesmo tamén da maioría das cidades da comunidade. Neste caso a distribución presenta unha baixa estacionalidade, con pequenas diferenzas de volume entre os meses de menor afluencia -17 mil noites en xaneiro ou decembro- e agosto –con 39 mil noites neste caso-. Con case un 40% das noites en temporada baixa Lugo é o destino urbano de Galicia que absorbe maior porcentaxe de demanda de novembro a abril.


Variación das noites hoteleiras en Lugo. 2019/18 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2019 presenta variacións dispares no sentido e na intensidade. En termos globais o volume de noites hoteleiras presenta un comportamento positivo e consistente na temporada media e alta, concretamente de xuño a outubro –con subas que acadan a porcentaxe máis elevada en agosto cun 20% interanual-. Tamén se observa un incremento da demanda puntual en febreiro e abril pero de menor intensidade.

No lado contrario a demanda cae en xaneiro, marzo, maio e logo a finais de ano, con descensos máis notorios en marzo e decembro. Obsérvase desta maneira un comportamento máis irregular na primeira parte do ano aínda que cunha perspectiva máis global as variacións non son moi significativas nalgúns meses como xaneiro, abril ou maio.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-19




En síntese, por tanto, o comportamento da demanda hoteleira en Lugo difire segundo a temporada, rexistrando crecementos no período estival –do 15,7%- e na temporada media –do 6,8%- en contraposición ao descenso que se rexistra na temporada baixa –do 4,7% neste caso-. A dinámica positiva concéntrase, por tanto, nos meses de maior afluencia turística á cidade.


Sobe a demanda na temporada alta logo de rexistrar un descenso no pasado ano que á súa vez viña precedido de incrementos consecutivos nos catro anos anteriores, permitindo con isto achegarse ás 68 mil noites agora en 2019. Semellante dinámica acontece coa afluencia turística na temporada media, rexistrando neste ano a cifra máis elevada da década con pouco máis de 113 mil noites.

En temporada baixa acontece o contrario. Cae en 2019 logo de rexistrar crecementos consecutivos nos tres anos anteriores, ficando o nivel final por encima das 117 mil noites.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2019/18




O 86% da demanda hoteleira na cidade de Lugo é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 38% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 48%- . O 14% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

Lugo presenta un perfil da demanda algo diferente aos restantes destinos urbanos de Galicia, cun peso importante do mercado interno e, en paralelo, un peso moi baixo do turismo internacional. É a cidade con menor volume de demanda internacional neste 2019.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste 2019 descende o turismo interno –un 12,4% como consecuencia dunha caída parella da cifra de viaxeiros residentes e da estadia media- e incrementase, pola contra, o turismo receptor –nun 14,6% o de ámbito nacional e nun 26,1% o internacional-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Lugo. Período 2012-19



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase apenas nun 0,7% neste ano 2019 como consecuencia, como se viu anteriormente, de contrapoñer a caída do interno co crecemento do receptor nacional. Son tres anos consecutivos nos que o mercado nacional apenas varía de forma significativa na cidade de Lugo, situándose entre 254 e 258 mil noites neste trienio –cifras que distan dos anos anteriores cando, por exemplo ficaba por debaixo das 200 mil noites de 2012 a 2015.

O mercado internacional sobe neste caso por segundo ano consecutivo acadando neste 2019 algo máis de 42 mil noites, a cifra máis elevada da década.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Lugo, 2012-19




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Lugo sitúase en 1,85 noites neste 2019, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. Contrasta isto co leve axuste do pasado ano e sobre todo cos incrementos que se viñan rexistrando en 2016 –do 6,7%- e 2017 –do 10,0%- e que conseguiron elevar a estadía media global a 1,9 noites –con tres décimas de diferenza en comparación co dato de 2015 cando se situaba en 1,6 noites-. Este factor contribuíu en grande medida á mellora global dos niveis de demanda nese período de dous anos.

Cunha perspectiva global máis ampla obsérvase que en realidade a estadía media non variou significativamente nestes últimos tres anos, manténdose sempre no contorno de 1,9 noites en comparación coas cifras rexistradas antes de 2017.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




A estadía media hoteleira non varía en función da procedencia do viaxeiro. Resulta curioso observar que neste ano 2019 as cifras son exactamente iguais para o viaxeiro residente, para aquel que provén do resto do Estado e para o estranxeiro –todos fican 1,85 noites de media-.

A estadía media dos tres grandes mercados sí varía de forma dispar neste 2019, con caída daquela correspondente ao viaxeiro residente e incremento que receptor nacional e do internacional.

En función da temporada a estadía media presenta pequenas diferenzas, situándose en algo máis de 1,7 noites no período estival e en preto de 1,9 noites nas temporadas media e baixa.

As diferenzas non son, en todo caso, moi notables como acontece noutros destinos da comunidade.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Lugo, 2012-19




A dinámica dos niveis de ocupación aseméllase ao observado do lado da demanda –medida en número de noites-. Neste 2019 sobe levemente –en pouco máis dun punto porcentual- e practicamente por sétimo ano consecutivo –coa excepción do estancamento rexistrado en 2014-. Esta tendencia positiva amosa períodos de crecemento suave –en 2013, 2015, 2018 e agora en 2019- e anos de subas moi destacadas –en 2016 e 2017, con incrementos que se achegaron aos nove e seis puntos porcentuais respectivamente-.

O resultado final desta tendencia leva a que neste 2019 a cidade de Lugo rexista o nivel de ocupación máis elevado de, como mínimo, esta década cun 49,8% de media –supera en 20 puntos a porcentaxe rexistrada en 2012-.

Análise en destinos urbanos

OURENSE

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Ourense. Período 2012-19




En Ourense o incremento da demanda, provocado esencialmente por un crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados, da certa continuidade á tendencia de crecementos consecutivos que se veñen rexistrando desde o 2013 coa única excepción da caída rexistrada en 2017 –cando o volume de noites descendeu nun 4,8% en termos interanuais-. Con esta dinámica o volume final sitúase en máis de 242 mil noites, a cifra máis elevada da década.

En termos absolutos Ourense consegue xerar 24 mil novas pernoctacións en comparación co pasado ano 2018.

Desde unha perspectiva temporal máis ampla Ourense supera en máis de 82 mil noites o nivel rexistrado en 2012. Supón isto un crecemento do 51% nestes sete anos.

Noites hoteleiras na cidade de Ourense. Ano 2019, por meses




No curto prazo a distribución da demanda ao longo do ano 2019 segue un patrón algo parecido ao observado para a cidade de Lugo. En Ourense o 22% da demanda concéntrase na temporada alta, isto é, nos meses de xullo e agosto sendo este último o mes de maior afluencia turística con máis de 30 mil noites –o 12,5% do total anual-. O 35,3% visita Ourense na temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que o 43,0% concéntrase na temporada baixa –de novembro a abril, porcentaxe equivalente á de 2018-.

Esta distribución temporal presenta matices diferentes a outros destinos. O volume de noites de abril a xullo e en setembro e outubro non varía singularmente, situándose entre as 20 mil e as 22 mil noites en cada un deles, e o volume rexistrado en novembro e decembro aseméllase ao observado en marzo.

A distribución, por tanto, non presenta un carácter estacional coma noutros destinos da comunidade ou mesmo no conxunto de Galicia.

Variación das noites hoteleiras en Ourense. 2019/18 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2019 presenta unha pauta regular con crecementos xeneralizados en todos os meses agás en xaneiro –cando se rexistra unha caída do 1,7% interanual-.


Os incrementos varían notablemente en intensidade sendo máis notorios en abril, coa Semana Santa –coa suba do 25%- e tamén no verán –en xullo o crecemento achégase ao 18% mentres que en agosto fica no 20%- . Tamén en febreiro se observa un incremento notorio, do 19% interanual. No lado contrario as taxas máis baixas prodúcense en xuño –co 1,1%- e setembro –co 2,6% neste caso-.

En termos absolutos o crecemento máis notable acontece en agosto –cunha mellora de cinco mil noites en relación ao mesmo período do pasado ano-. En abril supéranse as catro mil novas pernoctacións. Son os meses de maior crecemento da demanda na cidade de Ourense neste 2019.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-19




En síntese, por tanto, o comportamento da demanda hoteleira en Ourense é homoxéneo en relación á temporada, rexistrando incrementos nos tres grandes períodos e con diversa intensidade –sobe o volume de noites un 19,0% no verán, un 5,4% na temporada media e un 12,2% na temporada baixa-.


Este incrementos, que dan continuidade ás subas do pasado ano 2018, permiten acadar en cada un dos tres períodos as cifras máis elevadas de cando menos esta década, rexistrando preto de 53 mil noites no verán, máis de 85 mil na temporada media e pouco máis de 104 mil na baixa.

O maior peso da temporada baixa na cidade de Ourense é unha constante ao longo dos anos, sen variacións moi significativas da porcentaxe.

Reparto da demanda hoteleira por mercados



Variación mercados turísticos. 2019/18




O 85% da demanda hoteleira na cidade de Ourense é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 30% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 55%- . O 15% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

O perfil da demanda en Ourense aseméllase bastante ao observado noutros destinos de Galicia, cun notable peso do mercado nacional e liderando o sector o turismo que procede do conxunto do Estado –neste caso supón máis da metade das noites hoteleiras-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Dunha banda increméntase o turismo de ámbito nacional, tanto o de orixe interno –que sobe un 8,9%- coma o que procede do resto do Estado –que se incrementa nun 16,3%- e, por outra banda, descende o turismo internacional –de forma leve, un 1,7% neste caso-.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Ourense. Período 2012-19



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase nun 13,5% neste ano 2019 como consecuencia do bo comportamento dos dous segmentos –interno e receptor-. Esta suba da continuidade a unha tendencia de crecementos case consecutivos desde o 2012 –coa excepción da caída rexistrada en 2017- e sitúa o volume final de demanda en 207 mil noites –a cifra máis elevada da década-. Por vez primeira nestes anos a cidade de Ourense supera as 200 mil noites no segmento hoteleiro.

No caso do mercado internacional a caída deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos catro anteriores, de intensidade variable mais importante, deixando o nivel final por encima das 35 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década-.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. Ourense, 2012-19




A estadía media nos hotéis e pensións da cidade de Ourense sitúase levemente por encima de 1,6 noites neste 2019, cifra que practicamente se mantén estable en relación ao anterior 2018 –nun sentido estrito descende un 0,7%-.


En realidade, a estadía media en Ourense non variou demasiado nos últimos anos, manténdose por encima de 1,6 noites desde o 2016 –a diferenza do que acontecía no trienio anterior, de 2013 a 2015, cando se achegaba incluso a 1,8 noites-.

En termos comparativos Ourense rexistra a estadía media hoteleira máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media menos tempo na cidade -en 2019 a estadía sitúase en 1,5 noites-. Os dous segmentos restantes rexistran valores algo máis altos, de máis de 1,7 noites o español non residente e por encima de 1,6 noites o estranxeiro. As diferenzas non son en todo caso moi significativas. Todas elas sitúanse por debaixo das dúas noites.

A estadía media dos tres grandes mercados varía de forma dispar neste 2019, con certas melloras só no caso do español que vén de fóra de Galicia e descenso da correspondente ao viaxeiro residente e ao estranxeiro.

En función da temporada a estadía media tampouco presenta grandes diferenzas, situándose por encima de 1,7 noites no verán e levemente por encima de 1,6 noites no resto do ano -na temporada media e baixa-.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Ourense, 2012-19




A dinámica dos niveis de ocupación aseméllase en boa medida ao observado no lado da demanda –en número de noites-. Estabilízase en 2013 con carácter previo ao incremento rexistrado no trienio 2014-16 que permitiu pasar do 35,8% ao 46,6% neste último ano. Xa en 2017 prodúcese nun leve axuste dun punto porcentual con carácter previo aos incrementos de 2018 e agora en 2019. Esta tendencia permite aos establecementos hoteleiros de Ourense superar por vez primeira nesta década o 50% de ocupación e acadar o 51,4%.

Esta cifra dista da rexistrada en 2012, por exemplo, cando a ocupación media dos hoteis e pensións de Ourense se situaba no 35,7%. Son, por tanto, máis de quince puntos de mellora neste período que basicamente se produciron entre 2013 e 2016 e agora en 2019.

Análise en destinos urbanos

PONTEVEDRA


Evolución da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. Período 2015-19



Na cidade de Pontevedra increméntase o nivel de demanda cando menos por cuarto ano consecutivo, con subas de notable intensidade agás en 2018 –cando o crecemento se situou no 1,1%-. Esta dinámica, provocada en grande medida por incrementos parellos da cifra de viaxeiros aloxados reforzados por melloras da estadia media -como agora en 2019-, permitiu á cidade de Pontevedra acadar neste ano o nivel de demanda máis notorio dos últimos cinco anos con máis de 263 mil noites.

En termos absolutos a variación deste ano supón a xeración de preto de 32 mil novas pernoctacións en comparación co 2018. Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o incremento dos últimos cinco anos supón a aportación de máis de 113 mil novas pernoctacións no conxunto da oferta hoteleira de Pontevedra.

Noites hoteleiras na cidade de Pontevedra. Ano 2019, por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano amosa un perfil relativamente estacional, cos niveis máis baixos nos meses de temporada baixa –en xaneiro e febreiro- e máis elevados en agosto –mes que concentra o 14% do total anual-. Aínda así, en comparación con outros destinos de Galicia o reparto é máis equilibrado ao longo do ano, o perfil non é tan marcadamente estacional.

En termos globais preto do 25% das noites hoteleiras concéntranse no verán –meses de xullo e agosto-, quedando o 75% restante repartido entre a temporada media –período de maior peso co 40%- e a baixa –co 35% restante-.

En Pontevedra a temporada media ten un peso importante –setembro por exemplo é o segundo mes máis importante do ano en termos de demanda hoteleira, superando as cifras de xullo e os valores de maio e xuño son tamén moi parellos-.

Variación das noites hoteleiras en Pontevedra. 2019/18 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2019 presenta un perfil bastante homoxéneo no sentido de que se incrementa o volume de noites en practicamente todos os meses aínda que con diferenzas de intensidade. Marcan a excepción xaneiro –mes no que o nivel de demanda se mantén estable- e outubro –cunha caída do 1,8%-.


Os incrementos máis notorios prodúcense nos meses de abril, agosto, setembro e novembro con subas que se sitúan no intervalo do 24-26%. No lado contrario a taxa de crecemento é máis suave ou menos intensa en xullo, mes no que o volume de noites se incrementa nun 4,5%.

En termos absolutos os crecementos máis importantes rexístranse en agosto e setembro, con 7.300 novas pernoctacións no primeiro e 6.600 no segundo.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2015-19




En síntese, por tanto, tal como se deriva da análise anterior, rexístrase neste 2019 un comportamento positivo da demanda nos tres grandes períodos do ano, isto é, sobe o volume de noites de forma importante e moi parella no verán –nun 15,1%-, na temporada media –nun 11,6%- e na baixa –nun 15,0% neste caso-.


Este comportamento leva a unha distribución temporal semellante á observada en 2018, cun reparto practicamente equivalente entre as tres temporadas.

Cunha perspectiva temporal máis ampla apréciase que nos tres grandes períodos o nivel de demanda acadou máximos de cando menos os últimos cinco anos, con 65 mil noites no verán, case 105 mil noites na temporada media e preto de 94 mil noites na temporada baixa.

Reparto da demanda hoteleira por mercados




Variación mercados turísticos. 2019/18



O 70% da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-. Neste caso non se dispón de desagregación de datos para o mercado interno. O 30% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. En 2019 rexístrase un incremento do turismo de ámbito nacional, do 10,3%, provocado por unha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois descende nun 3,6%. O turismo internacional sobe tamén neste ano, de forma importante –un 22,6%- grazas á combinación positiva dos dous elementos: crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 12,8%- e mellora da estadia media.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Pontevedra. Período 2015-19



O incremento do turismo de ámbito nacional neste 2019 consegue recuperar e mesmo superar a caída rexistrada no anterior 2018 –dando certa continuidade á dinámica positiva de anos anteriores- e sitúa o nivel final en preto de 186 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.

No caso do turismo internacional son catro anos consecutivos de crecemento da demanda na cidade de Pontevedra, a taxas variables mais importantes –do 32% en 2016, do 23% en 2017, do 18% en 2018 e do 23% agora en 2019- que colocan o volume final en preto de 78 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos cinco anos e probablemente da década.


Estadía media nos establecementos hoteleiros. Pontevedra, 2015-19




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Pontevedra sitúase en 2,1 noites neste 2019, cifra que supera nun 11,6% o dato do anterior 2018 e permite explicar en grande medida o bo comportamento da demanda hoteleira neste ano.

Sobe a estadía media logo de rexistrar un descenso no pasado ano –do 4,9%– mais da continuidade aos crecementos dos dous anteriores. Con isto o valor pasa de 1,9 noites en 2015 –cifra semellante á de 2018– a 2,1 noites agora en 2019 –acadando neste caso a estadía media máis elevada de cando menos os últimos cinco anos.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




A estadía media varía de forma notable entre os dous grandes mercados. O viaxeiro español fica de media 2,3 noites mentres que o viaxeiro estranxeiro rexistra menos de 1,7 noites, cifras dispares que falan de dous perfís moi diferentes. Ambas obviamente están referidas ás estadías nos establecementos hoteleiros. Son preto de sete décimas de diferenza entre ambos segmentos.

En termos dinámicos obsérvase un incremento das estadías medias tanto do viaxeiro español –do 15%– coma do estranxeiro –do 9% neste caso–.

En función da temporada a estadía media presenta pequenas diferenzas. Sitúase no contorno das dúas noites nas temporadas alta e media, isto é, de maio a outubro e en preto de 2,4 noites na temporada baixa –de novembro a abril–.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Pontevedra, 2015-19



En Pontevedra incrementábase a demanda nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 6,7% neste ano 2019-. Tal circunstancia conleva unha mellora dos niveis de ocupación, de máis de tres puntos porcentuais en relación ao pasado ano 2018, para situarse no 54,8%.


É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Pontevedra, pasando do 32,7% en 2015 a preto do 55% agora en 2019 –a porcentaxe máis elevada de cando menos esta década-.

O incremento neste período de cinco anos sitúase nos 22 puntos porcentuais, cifra moi relevante que aporta un cambio cualitativo importante á cidade de Pontevedra.

Análise en destinos urbanos

VIGO

Evolución da demanda hoteleira na cidade de Vigo. Período 2011-19




En Vigo incrementábase o nivel de demanda hoteleira por sexto ano consecutivo, con subas de diversa intensidade que acadan o seu nivel máis elevado en 2016 cun 20,5% e, pola contra, o máis baixo en 2018 co 1,2%. Esta senda positiva non é, por tanto, regular e marca tres períodos de crecemento destacado –en 2016, 2017 e agora en 2019- xunto con tres anos de suavidade -2014, 2015 e 2018-.

Con esta dinámica a cidade olívica da un salto cuantitativo importante pasando de rexistrar cifras do contorno das 600 mil noites na primeira parte da década a situarse por encima das 900 mil agora en 2019. En sentido estrito Vigo acada agora neste ano un máximo na serie histórica con preto de 948 mil noites.

En termos absolutos o incremento deste ano supón a xeración de 118 mil novas pernoctacións en comparación co 2018.


Noites hoteleiras na cidade de Vigo. Ano 2019, por meses



No curto prazo a distribución da demanda ao longo do ano 2019 segue un patrón semellante ao observado noutros destinos urbanos, cun perfil relativamente estacional. Preto da cuarta parte da demanda concéntrase no período estival –meses de xullo e agosto- sendo este último o mes de maior afluencia turística con case 123 mil noites. O 34% corresponde á temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- mentres que un 42% visita Vigo na temporada baixa, de novembro a abril.

Esta distribución temporal é moi propia dun destino urbano no que o peso da temporada alta sitúase entre o 20% e 25% do total anual e o resto repártese cun peso semellante entre a temporada media e baixa se ben neste ano Vigo destaca por concentrar neste último período unha porcentaxe moi notable, do 42% neste caso.

Variación das noites hoteleiras en Vigo. 2019/18 por meses




O comportamento da demanda hoteleira ao longo do ano 2019 presenta un pauta regular, rexistrando crecementos en todos os meses mais con diversa intensidade. Destacan neste punto as subas rexistradas en meses da temporada baixa, concretamente en febreiro –do 27%-, novembro –do 23%- e decembro –do 51% neste caso-. Isto último está moi asociado ao Nadal e reflicte a forte capacidade de atracción das luces e decorados navideños ofertados na cidade.


O incremento da demanda supera o 10% interanual de marzo a xullo e sitúase nas porcentaxes máis baixas en outubro, coa suba do 2,2%.

En termos absolutos o crecemento máis notorio sitúase tamén en decembro, mes no que se superan en preto de 30 mil noites as cifras de 2018.

Variación noites hoteleiras, por temporadas



Evolución demanda por temporadas. 2012-19




En síntese, por tanto, o comportamento da demanda hoteleira en Vigo é parello segundo a temporada, rexistrando incrementos en todas elas mais con diversa intensidade. Sobe o volume de noites en algo máis do 9% interanual no verán e na temporada media e nun 22% na temporada baixa –como consecuencia das notables subas rexistradas en novembro e sobre todo en decembro-.


Esta dinámica positiva xeneralizada permite á cidade de Vigo rexistrar os niveis máis altos de demanda en cada unha das temporadas turísticas con preto de 226 mil noites no verán, 326 mil noites na temporada media e case 396 mil noites na temporada baixa. Este último dato sobresaie en relación aos demais e supón unha cuota próxima ao 42% do total anual, a porcentaxe máis elevada da serie histórica –nunca antes o peso da temporada baixa superara o 40%-.

Supón, ademais, unha notable redución da estacionalidade da demanda.

Reparto da demanda hoteleira por mercados




Variación mercados turísticos. 2019/18



O 75% da demanda hoteleira na cidade de Vigo é de orixe estatal, cifra que inclúe ao turismo interno –dos residentes en Galicia, que supoñen o 26% do total- e ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas e que representan neste caso o 49%- . O 25% das noites hoteleiras corresponden ao mercado internacional.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste 2019 increméntase o turismo de ámbito estatal –un 43,8% o interno, dos residentes en Galicia, e un 13,3% o receptor nacional- e descende, en cambio, o internacional –un 3,6% neste caso. O bo comportamento do segmento hoteleiro de Vigo concéntrase, por tanto, no mercado nacional e sobre todo o interno –este último xera 73 mil novas pernoctacións neste ano-. Con esta dinámica gaña peso o mercado interno –en cinco puntos porcentuais- e diminúe o internacional –nunha proporción semellante-. Mantense estable, en cambio, o peso do receptor nacional.


Evolución da demanda nacional e estranxeira en Vigo. Período 2011-19



En termos globais o turismo de ámbito estatal increméntase nun 22% neste ano 2019 como consecuencia, tal como se viu, do bo comportamento dos dous segmentos de mercado, o interno e o receptor. Este crecemento contrasta coa leve caída rexistrada no anterior 2018 mais da continuidade ás subas rexistradas nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017, con subas de diversa intensidade. Con isto o mercado nacional acada agora en 2019 a cifra máis elevada da serie histórica superando por vez primeira as 700 mil noites nos establecementos hoteleiros.


No caso do mercado internacional a caída deste ano contrasta coas subas rexistradas nos tres anos anteriores, de 2016 a 2018, con incrementos notorios en intensidade en 2016 e 2017. Este descenso deixa o nivel final de demanda levemente por encima das 242 mil noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.

Estadía media nos establecementos hoteleiros. Vigo, 2012-19




A estadía media nos hoteis e pensións da cidade de Vigo sitúase en 2,2 noites neste 2019, cifra que supera nun 10,9% o dato do pasado ano 2018. Nestes últimos anos a estadía media hoteleira en Vigo evolucionou de forma irregular, con períodos de caídas –de 2012 a 2014, e en 2016 e 2017- e de incrementos –en 2015, 2018 e agora en 2019- mais as variacións non son moi significativas salvo neste último caso. Tal circunstancia consegue romper a relativa estabilidade na que se mantiña a cifra desde o 2012 -con pequenas variacións de décimas, pouco relevantes- e acadar agora neste ano o dato máis elevado da serie histórica.

Estadía media dos principais mercados



Estadía media por temporada




Segundo a procedencia o viaxeiro residente en Galicia é o que fica de media máis tempo na cidade –en contra do que acontecía no anterior 2018-. En 2019 a estadía sitúase levemente por encima de 2,7 noites. Os dous segmentos restantes rexistran valores máis baixos, con pouco máis de 2,1 noites o español non residente e de dúas noites o estranxeiro. As diferenzas son en todo caso máis notables entre os dous segmentos do mercado nacional.

A estadía media dos tres grandes mercados varía de forma dispar neste 2019, cun notable crecemento da correspondente ao viaxeiro residente – que sobe un 47%- e mellora suave, pouco perceptible, da correspondente ao turismo receptor, tanto nacional coma internacional.

En función da temporada a estadía media difire levemente entre a temporada alta –período no que se rexistra unha media próxima a 2,5 noites- e as temporadas media e baixa –con cifra do contorno de 2,2 e 2,1 noites respectivamente.

% Ocupación nos establecementos hoteleiros. Vigo, 2011-19



A dinámica dos niveis de ocupación aseméllase en parte ao observado no lado da demanda –en número de noites-. Sobe preto de seis puntos porcentuais neste ano 2019 como consecuencia do forte crecemento da demanda nun contexto no que sobe levemente a oferta dispoñible –o número de prazas ofertadas increméntase nun 2,4% en relación ao 2018-.

Neste caso son sete anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación hoteleira na cidade de Vigo, pasando do 32,8% de ocupación media en 2012 ao 54,9% agora en 2019. Mellora en 22 puntos porcentuais a ocupación hoteleira neste período de sete anos, circunstancia que coloca a porcentaxe deste 2019 en máximo históricos –nunca antes conseguira situarse por encima do 50% de media anual-.

En termos comparativos esta cifra sitúase por encima do promedio dos destinos urbanos da comunidade.

OCUPACIÓN HOTELEIRA en GALICIA

Destinos urbanos – Ano 2019

galicia

